

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

RELACIÓNS CULTURAIS GALIZA - CATALUÑA

Novos datos sobre Salvador Espriu e Galiza na revista "Indesinenter"

Epistolarios inéditos, lembranzas e traducións de Basilio Losada, Alonso Montero, X.L. García, Helena Villar e Xesús Rábade.

Redacción - 13:30 03/11/2007

A revista "Indesinenter" é unha publicación anual centrada no estudo de [Salvador Espriu](#), dirixida polos investigadores cataláns Gabriella Gavagnin e Víctor Martínez-Gil. Neste segundo número inclúese un monográfico titulado "Dossier Salvador Espriu i Galicia" no que se recollen materiais e informacións dos galegos que estiveron en contacto cun dos escritores fundamentais da literatura catalá contemporánea.

No traballo reproducense os epistolarios inéditos de Espriu a Basilio Losada, Alonso Montero e Xosé Lois García, nos que se pode comprobar que o poeta seguía a actualidade galega con atención porque recibía a miúdo libros de escritores galegos. De feito, no reconto dos libros galegos que había na biblioteca do autor aparecen Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Rompente e moitos libros da Editorial Galaxia. O dossier inclúe tamén outros testemuños das relacións con este autor e traducións inéditas da súa obra ao galego de Helena Villar e de Xesús Rábade.

["Indesinenter. Anuari Espriu"](#), núm. 2 (2007)

Dir. Gabriella Gavagnin e Víctor Martínez-Gil

Ed. Punctum & Centre de Documentació i Estudi Salvador Espriu

Prezo: 16 euros